

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE  
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 12 DE MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais.	Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.
Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.	Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.
Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben	Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.
Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana	Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana máis próxima e a paisaxe de costa da de interior
Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles.	Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.
Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o sol, os planetas e a lúa	Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o sol os planetas e a lúa
Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.	Diferencia conceptos temporais: pasado, presente e futuro

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Os procedementos de avaliación adecúanse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, dáselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. En ningún caso, o alumnado se verá prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre.</p> <p>Realizaranse actividades de avaliación do terceiro trimestre, que só terán carácter diagnóstico, a través da Aula Virtual do centro.</p> <p>Para o alumnado con ACI seguirase o mesmo procedemento.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación do rexistro de participación na Aula Virtual do centro</li> <li>- Análise das producións escritas e orais enviadas</li> <li>- Observación do rexistro de participación nos foros</li> <li>- Probas específicas solicitadas para beneficiar ao alumnado</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A avaliación das actividades realizadas nesta fase non presencial só terá valor positivo para a cualificación do alumnado, en ningún caso poderá ser inferior á 2ª avaliación.</p> <p>A cualificación final realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.</p> <p>A cualificación final para unha situación persoal sen dificultades será a da 2º avaliación podendo incrementarse en 1 punto se entrega só as tarefas requiridas e en 2 puntos se ademais participa nas tarefas voluntarias, se esforza en realizar e en enviar as tarefas, participa nos foros, e-mails, etc.</p> <p>A cualificación final para unha situación persoal derivada das dificultades por falta de equipamento tecnolóxico, imposibilidade de apoio familiar e/ou estado de saúde será analizada coa familia sempre en beneficio da cualificación do alumnado.</p> <p>Ao rematar o terceiro trimestre emitirase un informe individual valorativo do traballo realizado polo alumnado ademais das correspondentes cualificacións numéricas.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	

<b>Alumnado de materia pendiente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b> Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, propóñense actividades de reforzo e recuperación que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que o alumnado mellore a cualificación.</p>
	<p><b>Criterios de cualificación:</b> A cualificación final para unha situación persoal sen dificultades acadará a puntuación de 5 se entrega as tarefas requiridas para a recuperación da avaliación continua e ademais pode incrementar a puntuación en 1 punto se tamén participa nas tarefas voluntarias, se esforza en realizar e en enviar as tarefas, participa nos foros, e-mails, etc. A cualificación final para unha situación persoal derivada das dificultades por falta de equipamento tecnolóxico, imposibilidade de apoio familiar e/ou estado de saúde será analizada coa familia sempre en beneficio da cualificación do alumnado.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación do rexistro de participación na Aula Virtual do centro</li> <li>- Análise das producións escritas e orais enviadas</li> <li>- Observación do rexistro de participación nos foros</li> <li>- Probas específicas solicitadas para beneficiar ao alumnado</li> </ul>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado. Diseñaranse actividades debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo coas familias.</p> <p>A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>As actividades prográmanse diariamente e súbense á aula virtual do centro para aqueles alumnos que teñen equipamento tecnolóxico. Estas actividades baséanse nos cadernos e libros de traballo do alumnado que teñen nos domicilios e ademais refórzanse con actividades online, titoriais de reforzo, explicacións, etc.</p> <p>Para o alumno que non ten conectividade as actividades son as mesmas dos cadernos de traballo pero o seguimento faise vía telefónica ou por mensaxería (abalarMobil).</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Internet: recursos para realizar actividades interactivas, videos explicativos, recursos da aula virtual, entrega e corrección de tarefas...</p> <p>Libro de Ciencias Sociais Editorial Santillana</p> <p>Libreta e arquivos para imprimir</p>

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>A información e comunicación coas familias realízase a través da :Aula virtual, AbalarMobil, chamadas telefónicas, e-mail e por mensaxería interna da aula virtual.</p>
<b>Publicidade</b>	<p><a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelfraga/aulavirtual2/course/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelfraga/aulavirtual2/course/</a></p>